



Partido Galego

R. Berna, 1-A, bxo.B
15707 Santiago de Compostela
info@partidogalego.gal

A/A Sr. Presidente do Parlamento de Galicia
R/ do Horreo, 63
15702 Santiago de Compostela

Xesús Ares Gómez, con D.N.I. 33269716D como Coordinador Xeral do Partido Galego, de nacionalidade española, e como veciño de Santiago, con domicilio a efectos de notificación postal en Rúa Berna, 1-A, bxo. B, 15707, Santiago de Compostela, ou notificación electrónica en partidogalego@gmail.com

EXPÓN:

O 23 de xuño de 2022, debateuse unha proposta para o uso das linguas oficiais no Congreso dos deputados, esta proposta de modificación do Regulamento da Cámara foi rexeitada por unha parte do Parlamento.

Dende o ano 2011, está aprobado unha proposta similar na Cámara alta do Senado.

A propia Constitución española do ano 78, protexe con toda claridade no artigo 3, as diferentes linguas oficiais do Estado.

En consonancia con esta protección, ao longo dos anos, fóronse articulando normas destinadas ao seu mellor regulamento e respecto para o seu uso.

Unha proba máis disto é o Real Decreto 905/2007, de 6 de xullo, polo que se crea o Consello das Linguas Oficiais na Administración Xeral do Estado e a Oficina para as Linguas Oficiais (BOE 19.7.2007) como órgano colexiado adscrito á Secretaria de Estado de Cooperación Territorial do Ministerio de Administración Públicas

Debemos apostar por que o Congreso siga os exemplos do Parlamento Europeo onde se falan 24 linguas con total normalidade.

Os avances tecnolóxicos en materia de tradución e comunicación simultánea, facilitan a intervención en diferentes linguas, tanto en Parlamentos como en foros de diferentes órganos internacionais.

É por iso polo que como veciño de Santiago e como Secretario Xeral do partido político **PARTIDO GALEGO**,

SOLICITO:

- Que a Mesa do Parlamento, tralade esta petición aos Deputados para que aquel que o considere leve esta iniciativa a debate ó Parlamento de Galicia, **ÁS PETICIÓNES CONCRETAS SON:**
 1. En base ao Estatuto de Autonomía, ao acordo acadado na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística e as diferentes normativas posteriores, elaborar unha proposta de consenso para o uso do idioma galego en todas as institucións e instancias a nivel mundial, que así o permitan as súas leices ou regulamentos internos.
 2. En base ao acordo anterior, trasladar ao Parlamento do Estado unha iniciativa encamiñada a modificar o Regulamento da Cámara baixa, para que permita a intervención na mesma das diferentes linguas oficiais do Estado.

Galicia, 8 de agosto de 2023,

Asdo. Xesús Ares Gómez

Coordinador Xeral do Partido Galego